



## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: <u>C2008706:10</u>
SITUACIÓN: <u>SALVADOR ALLENDE GOSSENS, Nº 11 - 4º A - FERROL</u>

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 04 de decembro de 2019 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente C2008706:10, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado unicamente presentou a solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don/a IRIA CARDOSO MALDE (núm. de credencial 88417), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designado/a adquirente.

Polo tanto, en uso das súas competencias atribuídas, a xefa territorial

ACORDA:

**1. Non realizar o sorteo.**

**2. Declarar directamente adquirente a don/a IRIA CARDOSO MALDE (núm. credencial 88417)**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda  
Cristina Carrión Rodríguez  
(Asinado electronicamente).

